

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0895 con data de 13/03/2025, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas nos procesos de selección que se convocaron para a contratación laboral temporal dun/ha AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE E DE 3 GUÍAS DE TURISMO para levar a cabo o PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela unha axuda de 238.843,33 euros para levar a cabo o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), para a contratación laboral temporal de 11 traballadores/as, a tempo completo.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0811, con data de 06/03/2025, pola que aprobou as bases que rexen a contratación de 11 persoas traballadoras (3 GUÍAS DE TURISMO; 7 PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS; 1 AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE), por medio dun contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena, apartado primeiro da Lei de emprego, para a realización do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2025.

De acordo co establecido nas Bases reguladoras e na convocatoria do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), o concello recorreu á oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia para realizar a preselección das persoas candidatas que reúnan os requisitos das bases a través da presentación das correspondentes ofertas de emprego.

A oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia preseleccionou ao seguinte número de persoas candidatas:



-1 AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE (OFERTA 12-2025-1880): 5 persoas.

-3 GUÍAS DE TURISMO (Oferta 12-2025-1881): 9 persoas.

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitíu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación nos procesos para os que foron preseleccionadas.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos selectivos que se aprobaron con data de 06/03/2025, é polo que, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 3 GUÍAS DE TURISMO, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALLO CHAPELA, MARÍA REMEDIOS	*****262-G
2	BALADO FIGUEROA, ANA	*****593-H
3	DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, SONÍA MARÍA	*****639-B
4	GATO PADIN, MARÍA CRUZ	*****252-B
5	LÓPEZ DEL ESTAL, MARÍA JESÚS	*****308M
6	MATA COMESAÑA, PATRICIA BELÉN	*****437-K
7	OUTERELO JUSTO, MANUEL	*****002-N
8	SÁNZ GONZÁLEZ, ENRIQUE	*****167-B

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser



xustificados documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal dun/ha AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	AMOEDO ANTELA, CARLOS	*****757-J
2	ESTÉVEZ FERREIRA, FULGENCIO	*****707-R
3	GARCÍA MARTÍNEZ, PERFECTO	*****515-J
4	OTERO DARRIBA, FÉLIX	*****488-W

TERCEIRO: Poderanse presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo órgano de selección, no prazo de **tres (3) días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá remitir unha copia da reclamación rexistrada xunto coa documentación que achegue ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

CUARTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación provisional de persoas admitidas destes procesos selectivos."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

